

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS GALEGAS MOBILIZÁRONSE POR PALESTINA, POLA PAZ, A XUSTIZA E OS DEREITOS HUMANOS

Protagonizaron concentracións en varias cidades e vilas e pararon durante dúas horas

Redacción.- As traballadoras e traballadores galegos pararon este xoves e mobilizáronse por Palestina, pola paz, a xustiza e os dereitos humanos. En demanda dun compromiso real coa paz duradeira, coa reconstrución e cunha solución para que dous estados convivan en paz e liberdade.

Compromiso coa paz

Estas mobilizacións convertéronse nun xeito de reafirmar o compromiso coa paz, o respecto ao dereito internacional e a defensa dos dereitos humanos. Ningún plan pode considerarse de paz duradeira se exclúe ao pobo palestino, se perpetúa a ocupación ou se ignora as resolucións de Nacións Unidas.


Por iso, é máis necesaria que nunca a mobilización nos centros de traballo e nas rúas para mostrar a aposta da cidadanía pola paz, a xustiza e a liberdade para o pobo palestino.

Cautela ante o plan de paz

A pesar do entusiasmo co que se recibiu en diversos ámbitos o anuncio do chamado plan de paz para Gaza aceptado por Israel e Hamas, UGT mostra a súa cautela. Celébrase que se deteña o insoportable bombardeo sobre a poboación gazaí e a retirada que parece emprenderon parte das tropas israelís. Do mesmo xeito que calquera política humanitaria respecto a persoas secuestradas, encarceradas inxustamente, e en xeral, calquera paso que avance no respecto dos dereitos humanos.

Contar cos palestinos

Con todo, non se debe perder



perspectiva sobre o que está a suceder. O acordo volve reproducir un esquema colonial en Palestina sen contar cos palestinos. Consolida a ruptura de calquera escenario de multilateralidade, e políticas exteriores que se moven ao capricho dos intereses das potencias como EEUU e Israel.

Así, este 15 de outubro esixiuse:

que o alto ao fogo sexa permanente e verificable; que se asegure a axuda humanitaria; que se apoie a reconstrución de Gaza e se enfoque aos intereses do seu pobo, non á especulación estranxeira; que as tropas israelíes se retiren de todos os territorios palestinos; a suspensión completa e posterior revisión do Acordo de Asociación Unión Europea-Israel; medidas contra as em-

presas que se lucran dos asentamentos ilegais en Cisjordania; a prohibición do comercio de armas con Israel; a posta en marcha por parte de todas as administracións de plans urxentes de cooperación con Palestina; e a investigación e proceso ás persoas e organizacións que cometeron crimes de guerra e de lesa humanidade e a a garantía de procesos de xustiza e reparación

para as vítimas.

Aposta pola paz, xustiza e liberdade para Palestina

Polo tanto, as mobilizacións nos centros de traballo e nas rúas foron unha aposta clara da cidadanía galega pola paz, a xustiza e a liberdade para Palestina.

INTERVIRÁN OS SECRETARIOS XERAIS DE UGT E UGT-GALICIA E TAMÉN ASISTIRÁN CADROS, DELEGADOS E DELEGADAS E AFILIADOS E AFILIADAS DO SINDICATO PROCEDENTES DE TODA GALICIA

HOXE CELÉBRASE EN FERROL O ACTO DE CONMEMORACIÓN DO 175 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE PABLO IGLESIAS

No acto recuperarase a placa que o Concello de Ferrol lle dedicou no 1927 e que fora destruída en 1936

Redacción.- Hoxe vaise celebrar en Ferrol o acto de conmemoración do 175 aniversario do nacemento de Pablo Iglesias, fundador da UGT e do PSOE.

Placa conmemorativa

Neste acto, organizado pola Fundación Pablo Iglesias, a Fundación Largo Caballero, UGT e o PSOE, está prevista a recuperación da placa que o Concello de Ferrol lle dedicou a Pablo Iglesias en 1927 e que foi destruída en 1936.

Un home que loitou pola liberdade, a igualdade e os dereitos dos traballadores e traballadoras

Reivindícase así a figura dun home que loitou pola liberdade, a igualdade e os dereitos dos traballadores e traballadoras. Unha figura que hoxe en día segue a ser un exemplo, polo que é de xustiza manter a súa lembranza.

No acto van participar os secretarios xerais de UGT, Pepe Álvarez, e UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, e a este acudirán cadros, delegados e delegadas e afiliados e afiliadas procedentes de toda Galicia.

Dereito, dignidade e memoria

Trátase dun acto de xustiza, dignidade e de recuperación da memoria

UGT  **PSOE** / 

 **FUNDACIÓN FRANCISCO LARGO CABALLERO**

FUNDACIÓN PABLO IGLESIAS

Recuperación de la placa conmemorativa en Ferrol en honor a Pablo Iglesias en el 175 aniversario de su nacimiento

Viernes 17 de octubre 2025 11:30h.

Parque Pablo Iglesias a la altura de Avda Esteiro, 145 Ferrol (A Coruña)

INTERVENDRÁN

Pepe Álvarez, secretario general UGT
Cristóbal Medeiros, secretario general de UGT-Galicia
Rebeca Torró, secretaria de Organización del PSOE
José Ramón Gómez Besteiro, secretario general del PSdeG

PRESENTA

Ángel Mato, secretario general de los Socialistas de Ferrol

O METAL DE OURENSE SAE DE NOVO ÁS RÚAS POR UN CONVENIO DIGNO

O mércores e xoves protagonizaron dúas xornadas de folga cun amplo seguimento. Están previstas novas xornadas de folga os días 28, 29 e 30

Redacción.- O sector do siderometal da provincia de Ourense saíu ás rúas de novo este mércores e xoves e secundou amplamente as dúas xornadas de folga convocadas por UGT e CIG en demanda dun convenio digno.

Despois de nove meses de negociación, a patronal segue a amosar un total desprezo polas propostas e demandas dos traballadores e traballadoras do sector. Resulta evidente que non queren negociar, só impoñer. O pasado mes de xullo ambos sindicatos achegaron unha proposta e a patronal convocou a pasada semana unha mesa de negociación na que se limitou a rexeitala e poñer enriba da mesa de novo a súa proposta de maio, que xa fora rexeitada por aquel entón polos sindicatos.

Dende UGT FICA Ourense denuncian que a patronal parece non entender que os



prezos soben e que isto vai a costa dos salarios dos traballadores e traballadoras, xa que o seu obxectivo é que a metade das subas previstas vai a costa dun plus varia-

ble de asistencia en 12 pagas. Algo que, evidentemente, os traballadores e traballadoras rexeitan. O único que se demanda son salarios dignos xa.

ASINADA A ACTA FINAL DE ACORDO PARA FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE DE COEFICIENTES REDUTORES DA IDADE DE XUBILACIÓN PARA OS CONDUTORES DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA

Redacción.- Este acordo, alcanzado conxuntamente coas organizacións empresariais (CONFEBUS) e o resto de organizacións sindicais, marca o inicio formal dun procedemento cruce para recoñecer a penosidade e o risco inherentes a esta profesión.

“UGT manifesta que tras a reunión urxente realizada coa patronal ATUC, acceden a presentar conxuntamente a solicitude nos termos establecidos con CONFEBUS e a parte social que están suxeitos ao regulamento do Real Decreto.”

A firma desta Acta e a posterior presentación da Solicitude de Iniciación de Procedemento Previo ante a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social realízase ao amparo do Real Decreto 402/2025, do 27 de maio, que regula o proceso para determinar os supostos nos que procede anticipar a idade de xubilación.

Con este paso, dáse cumprimento aos compromisos alcanzados previamente entre os axentes sociais, iniciando a vía legal para a aplicación de coeficientes redutores conforme á Lei Xeral da Seguridade Social.

Por que é necesario o anticipo?

UGT defendeu historicamente que a actividade do persoal condutor de autobús enmárcase dentro das que son de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre.

O desgaste que sofre este colectivo xustifícase nas seguintes condicións de traballo, que se ven agravadas coa idade:

Riscos físicos e psíquicos. O traballo caracterízase polo sedentarismo e posturas estáticas prolongadas en posición sentada, que, unidas á turnicidade e nocturnidade, provocan unha deterioración da saúde.

Esixencia mental e seguridade. A profesión require unha alta concentración e capacidade mental, mantendo o ritmo de condución para chegar en prazo, independentemente do estado persoal. Este factor é crítico xa que o colectivo asume un risco propio e alleo pola propia actividade.

Condicións ambientais. O persoal está constantemente exposto a condicións climáticas e ás condicións das vías de circulación.

Diminución de capacidades. A dimi-

nución natural das capacidades físicas coa idade e a maior fragilidade aumentan exponencialmente o risco no desempeño da función.

O contexto europeo

A nosa solicitude alíñase coa realidade doutros países da Unión Europea. Sistemas de xubilación en países como Francia (co seu sistema de «pénibilité» ou penosidade, que inclúe a condutores de autobús), Alemaña (con cláusulas de saída anticipada en convenios colectivos do transporte público), e Italia (co sistema «lavori usuranti» que inclúe a condutores de transporte público de pasaxeiros), xa recoñecen e facilitan a saída temperá desta actividade profesional.

UGT considera fundamental que o sistema de Seguridade Social español recoñeza esta realidade, permitindo unha saída digna e anticipada a quen dedicou a súa vida a un servizo esencial para a cidadanía.

A loita polo recoñecemento da penosidade continúa. UGT seguirá vixiante na tramitación do expediente para lograr a xustiza que merecen os nosos condutores.

UGT, CCOO E CSIF INICIAN UN CALENDARIO DE MOBILIZACIÓN EN PROTESTA POLO BLOQUEO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN FUNCIÓN PÚBLICA

Mantéñense conxeladas as nóminas deste ano e impídese un novo acordo salarial

Redacción.- UGT, CCOO e CSIF inician un calendario de mobilizacións o día 30 de outubro en protesta polo bloqueo á negociación colectiva de Función Pública, que mantén conxeladas as nóminas deste ano e impide un novo acordo salarial. Haberá concentracións fronte ás subdelegacións do Goberno e o Ministerio de Función Pública en Madrid.

Xa advertimos o pasado mes de setembro as tres organizacións que representamos máis do 80% do persoal público que se non se retomaba a negociación de forma inmediata tomaríanse as medidas que se considerasen oportunas.

Baixo o lema “Negociación, subida salarial e mellora dos servizos públicos”, as mobilizacións comezarán o próximo 30 de outubro con concentracións fronte ás subdelegacións de Goberno de toda España e ao Ministerio de Función Pública en Madrid, e continuarán cunha gran concentración en novembro en Madrid se o departamento que dirixe Óscar López continúa bloqueando a negociación. No caso de que Función Pública persista nesta actitude, as tres organizacións sindicais convocarán unha xornada de folga a nivel nacional o próximo mes de decembro.

Os problemas das traballadoras e tra-

balladores do ámbito do público e os servizos que recibe a cidadanía agrávanse a diario pola inacción do Ministerio para resolver asuntos moi preocupantes, tanto a nivel salarial como en materia de emprego e condicións laborais.

Hai que lembrar que se aprobou unha Oferta de Emprego Público (OEP) para este ano sen o apoio das organizacións sindicais, porque reduce a creación de emprego neto, diminúe a oferta en promoción interna e mantén a taxa de reposición (nos últimos 20 anos perdéronse máis de 42.000 efectivos, mentres que coa nova OEP tan só créanse 4.500 prazas de emprego neto).

Por outra banda, a temporalidade nas Administracións Públicas permanece estancada case no 30 % e o TJUE está a esixirnos elevar as indemnizacións ás persoas afectadas e concretar as sancións ás administracións que abusen.

Por conseguinte, as tres organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Función Pública esiximos iniciar a negociación dun novo acordo que permita aplicar a subida salarial deste ano e recuperar poder adquisitivo ao conxunto de empregadas e empregados públicos, mellorar as súas condicións laborais e establecer un plan de emprego que mellore os nosos servizos

públicos.

Na súa intervención ante os medios de comunicación, a secretaria xeral de UGT Servizos Públicos recalcou que “o Goberno si ou si ten que desbloquear a mesa de Función Pública e por tanto iniciar un calendario, e non descartamos ningunha medida nin ningunha acción a emprender, se o Goberno non desbloquea a mesa”.

Isabel Araque engadiu: “Dicímolo moi claro. Basta de escusas. O Goberno ten que desbloquear xa a Mesa de negociación. Levamos meses esixindo mesas con data e orde do día e sobre todo compromiso por parte de Función Pública”.

Ao seu xuízo, “ou se reacciona xa cun acordo ou a Administración vai ir desangrándose aos poucos e en poucos anos vai quedar sen empregados públicos. Imos a externalizacións.” A iso, a responsable de Servizos Públicos de UGT agregou que “non hai motivos para bloquear a mesa. Quérennos na rúa, pois estaremos nas rúas. No calendario non se descarta nada”, e fixo un chamamento a todos os traballadores da Función Pública e ao resto da cidadanía para saír á rúa, porque, subliñou, o que está en xogo non son só as condicións dos empregados públicos senón a calidade do servizo público.

UGT CELEBRA A APROBACIÓN DOS COEFICIENTES REDUCTORES PARA OS AXENTES FORESTAIS E MEDIOAMBIENTAIS

Un logro tras case unha década de reivindicación sindical

Redacción.- UGT Servizos Públicos valora a aprobación en Consello de Ministros dos coeficientes reductores de xubilación anticipada para os Axentes Forestais e Ambientais, unha medida que pon fin a unha inxustiza histórica e recoñece a dureza e os riscos do seu labor.

O Sindicato Profesional de Axentes Forestais e Ambientais da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) celebra a aprobación esta semana en Consello de Ministros dos coeficientes reductores para o acceso á xubilación anticipada dos Axentes Forestais e Ambientais.

Esta medida, longamente reivindicada polo sindicato durante case unha década, constitúe un acto de xustiza laboral e un recoñecemento oficial á dureza e as condicións dun traballo esencial para a protec-

ción do medio natural.

A nova normativa equipara finalmente a estes profesionais con outros corpos que desempeñan funcións de intervención en emerxencias e protección civil, saldando así unha débeda pendente cun colectivo que desenvolve o seu labor en condicións extremas, na loita contra incendios forestais e na custodia permanente do patrimonio natural.

Desde UGT mantívose unha loita constante para corrixir esta desigualdade, impulsando iniciativas e propostas a nivel estatal que puxeron en evidencia a necesidade dun trato xusto e acorde á natureza desta profesión.



A aprobación dos coeficientes reductores non só representa unha vitoria sindical, senón unha conquista de dignidade para centos de profesionais que arriscan a súa integridade física a diario. Este avance mellorará as súas condicións de vida e permitiralles planificar a súa xubilación de forma máis xusta, en función do desgaste que o seu traballo conleva.

AS MORTES EN ACCIDENTES LABORAIS NON CESAN

O problema da sinistralidade laboral debe visibilizarse e atallarse de forma inmediata, polo que urxe axilizar os traballos da Mesa de Diálogo Social para actualizar a Lei de Prevención de Riscos Laborais

Redacción.- Un total de 489 persoas traballadoras (43 en Galicia) morreron por tentar gañarse a vida nos oito primeiros meses do ano. Para a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT), estas cifras son graves e duras, xa que detrás hai persoas.

Ata o mes de agosto do presente ano rexistráronse 403.717 accidentes de traballo (19.462 en Galicia) que requiriron de baixa laboral, o que supón un descenso do -2,2% (aumento en Galicia do 3,64%). Queda de manifesto o grave da situación. Son cifras inaceptables para unha sociedade como a nosa.

Destacar os incrementos das mortes en accidentes de traballo nos sectores de construción e industria. En construción rexistráronse 113 mortes, o que supón un aumento do 21,5%, mentres en industria rexistráronse 71 mortes, o que implica un aumento do 7,6%. Mentres as cifras globais de mortes en accidente de traballo descenden, non así en Galicia, nos sectores de construción e industria aumentan.

É urxente axilizar os traballos da

Mesa de Diálogo Social para actualizar a Lei de Prevención de Riscos Laborais e adaptala canto antes ás novas realidades do mundo do traballo, fortemente influído polas transicións demográfica, climática e dixital.

Ademais, é importante mellorar a protección da saúde mental da clase traballadora, xa que en oito meses producíronse 169 accidentes de traballo mortais por infartos e derrames cerebrais, o que podería estar relacionado coa exposición a riscos psicosociais e organizativos.

Á parte de reforzar a normativa en materia preventiva resulta esencial que as empresas cumpran coa lexislación vixente. As causas dos accidentes de traballo son recorrentes no tempo, o que deixa entrever que a xestión preventiva nas empresas debe ser mellorada para garantir a protección da seguridade e saúde da clase traballadora.

Por outra banda, ata o mes de agosto rexistráronse 229 accidentes por calor e insolación dos que catro foron graves e cinco mortais e 98 por efectos das temperaturas extremas, luz

e radiación, sendo un deles grave e ningún mortal.

Desde o sindicato manifestamos ao Goberno a nosa preocupación sobre a infradeclaración deste tipo de accidentes á que debe poñerse solución para garantir unha correcta xestión dos mesmos, asegurando a debida protección das persoas traballadoras. O que non se ve, non se prevé.

Á hora de modificar a Lei de Prevención de Riscos Laborais, reivindicamos a creación dunha figura similar á do Delegado/a Territorial de Prevención de Riscos Laborais a nivel estatal. Esta figura axudaría, sen dúbida, a mellorar a xestión da prevención de riscos laborais naquelas PEMES do noso país que non teñen representación sindical.

Por último, insistimos en que hai que dotar de máis recursos humanos e materiais á Inspección de Traballo para que controle o cumprimento das normas e á Fiscalía de Saúde Laboral para que investigue e depure responsabilidades. Non podemos consentir que todas estas mortes de persoas traballadoras queden impunes.

UGT RECLAMA QUE O PACTO DE ESTADO FRONTE Á EMERXENCIA CLIMÁTICA GARANTA DEREITOS LABORAIS, XUSTIZA CLIMÁTICA E EQUIDADE TERRITORIAL

Redacción.- UGT en Verde concluíu a súa participación na Convención do Pacto de Estado fronte á Emerxencia Climática e subliña que o sindicalismo ambiental é un actor imprescindible para lograr unha transición ecolóxica xusta, capaz de protexer tanto o planeta como os dereitos das persoas traballadoras. O sindicato defende que a emerxencia climática non é unha ameaza futura, senón unha realidade que afecta directamente á economía, a saúde e o emprego, e que esixe medidas integrais, inmediatas e socialmente xustas.

Na última década, os desastres climáticos provocaron perdas de máis de 32.000 millóns de euros, e só en 2025 estímase danos superiores aos 12.000 millóns. Estes datos evidencian que non actuar salgue máis caro que o compromiso. Por iso, UGT Verde reclama un Pacto de Estado baseado na evidencia científica, o compromiso entre os diferentes partidos políticos e a xustiza social, onde non se abandone a

mitigación e se avance cara a unha adaptación xusta.

Na súa intervención, Patricia Ruiz, secretaria Confederal de Saúde Laboral de UGT, reclamou que é imprescindible, no ámbito normativo, modificar o artigo 45 da Constitución Española para ir máis aló do recoñecemento xenérico do dereito a un medio ambiente san. O sindicato propón incorporar explicitamente os dereitos e deberes de mitigación e adaptación fronte á emerxencia climática, así como o compromiso do Estado de garantir unha transición ecolóxica xusta que protexa ás xeracións presentes e futuras. Este avance permitiría consolidar a acción climática como un principio constitucional e asegurar que as políticas públicas aliñense cos límites ecolóxicos e os dereitos sociais.

UGT en Verde propón reforzar a xestión integral do territorio, priorizando a prevención fronte á extinción, a restauración

ecolóxica e a revitalización das zonas rurais. O sindicato insiste en fortalecer a fiscalidade verde para beneficiar ás persoas e territorios que achegan servizos ecosistémicos e de biodiversidade, e en dotar de financiamento estable á agricultura familiar, a gandería extensiva e a xestión forestal sostible. Así mesmo, considera urxente unha modernización climática da Administración Pública, que permita prever riscos e xestionar de forma eficaz as multiemergencias derivadas do quecemento global, homoxeneizando procesos, recursos e facilitando a transparencia na información.

UGT en Verde reclama que o emprego verde e de calidade sexa un dos piares do Pacto, acompañado de formación profesional, reconversión laboral e protección fronte a novos riscos como as ondas de calor ou os incendios. O sindicato subliña que a transición xusta debe ser un principio vinculante, con mecanismos claros de seguimento e cumprimento.

UGT CELEBRA O FRACASO DA OPA DO BBVA SOBRE SABADELL: UNHA VITORIA PARA O EMPREGO, A COMPETENCIA E A ESTABILIDADE DO SISTEMA BANCARIO

As fusións desta natureza non demostraron mellorar a eficiencia nin a competitividade, senón que xeraron redución do crédito, encarecemento dos servizos e maior exclusión financeira

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) celebra que a OPA lanzada por BBVA sobre Banco Sabadell fracasase tras non alcanzar o limiar mínimo necesario para prosperar. Esta decisión confirma que non existía respaldo suficiente nin social, nin económico, nin institucional para unha operación que supoñería un grave retroceso para o emprego, a competencia e a estabilidade do sistema financeiro español.

Desde o primeiro momento, UGT manifestou a súa oposición frontal á operación, alertando das súas consecuencias: destrución de emprego directo e indirecto, peche masivo de oficinas, contracción do crédito a pemes e autónomos, e perda de competencia real no mercado bancario español.

O sindicato encargou á Universidade Autónoma de Madrid un informe indepen-

dente que estimou en máis de 30.000 os postos de traballo que poderían perderse e advertiu dos riscos que a operación comportaba para a economía española, o emprego e a cohesión territorial. O estudo coincidía coas reservas expresadas polo sindicato ante o Goberno e a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC).

UGT lembrou tamén que tanto BBVA como Banco Sabadell foron entidades rescatadas con diñeiro público, o que reforza a necesidade de esixirles un compromiso firme co interese xeral e coa economía real. As fusións desta natureza non demostraron mellorar a eficiencia nin a competitividade, senón que xeraron redución do crédito, encarecemento dos servizos e maior exclu-



sión financeira.

Para UGT, o resultado desta operación supón unha vitoria da sociedade e do interese colectivo. O sindicato reitera o seu desfoque dunha banca ao servizo da cidadanía, que garanta o acceso ao crédito, manteña o emprego, preserve a rede de oficinas e contribúa ao desenvolvemento económico e social do país.

O FMI ACTUALIZA AS SÚAS PREVISIÓNS E SITÚA Á ECONOMÍA ESPAÑOLA Á FRONTE DAS MÁIS AVANZADAS

Aínda así, o organismo segue chegando tarde ao non recoñecer os avances que produciron as políticas sociais e económicas

Redacción.- O Fondo Monetario Internacional, no seu informe de previsións económicas, mellorou as previsións de crecemento deste ano da economía española, con respecto ao que xa fixo en xullo, en 0,4 puntos porcentuais, o que sitúa o aumento do PIB real nun 2,9% para 2025, comparado co 2,5% anterior. Do mesmo xeito, as previsións para 2026 sitúanse nun 2%, fronte ao 1,8% pronosticado en xullo.

Este organismo comezou este ano cunhas previsións aínda máis pesimistas, que situaban ao crecemento español nun 2,3%, cando outros organismos, como o propio Goberno ou o Banco de España, xa apuntaban a un 2,6% e 2,7%, respectivamente. De igual maneira, en 2024 o FMI comezou cunha previsión do 1,5% para acabar cun 3,5% de crecemento do PIB real. Entre as advertencias comúns que adoita anunciar o FMI atópase o aínda alto nivel de desemprego, a elevada débeda e unhas contas públicas cuxos gastos seguen superando aos ingresos.

En contraste coa visión do FMI, os datos nacionais xa mostraban unha evolución máis sólida. A débeda española ha conseguido baixar en só 4 anos do 119,3% con respecto

ao PIB durante a pandemia ao 101,8% en 2024. E a previsión é que esta siga baixando polo menos ata final da década, grazas ao impulso do crecemento económico, pero tamén a un déficit público que cumpriu coas regras fiscais fixadas pola Unión Europea e que seguirá reducíndose de aquí a 2030 ata o 1,2%, segundo o plan fiscal do Goberno, pero que o FMI segue estimando no 2%.

Con respecto ao desemprego, o FMI non confía que a economía España logre reducir o paro a menos do 10,7% de aquí a 2030, pero a realidade é que a Enquisa de Poboación Activa do INE do 2º trimestre situou xa esta cifra no 10,3%, e o Goberno de España prevé reducila ata o 8%.

España sitúase á cabeza das economías máis avanzadas en crecemento do PIB (2,9%), moi por encima das reducidas taxas presentes en Alemaña (0,2%), Italia (0,5%) ou Francia (0,7%) para este ano segundo o FMI. Algo que é moi relevante, tendo en conta o nivel de conexión da economía española con estes socios europeos e á vista dos posibles efectos de segunda rolda que pode producir a redución da produción nas súas industrias debido aos aranceis impostos por Estados

Unidos .Ademais, España non só é a que máis crece en 2025, senón que leva facéndoo de forma sostida durante estes últimos anos posteriores á pandemia tamén por encima do resto de economías máis desenvolvidas.

En conxunto, as previsións do FMI parecen ancoradas nun marco de cautela estrutural que non termina de incorporar a resiliencia demostrada pola economía española. O FMI segue sen recoñecer fielmente os avances conseguidos pola economía española nos últimos anos, a cal conseguiu crecer á vez que alcanzou cifraa récord de ocupación en máis de 22 millóns de empregos, con políticas que conseguiron reducir a desigualdade, como o aumento do SMI, e cunha forte negociación colectiva que, impulsada polo VAENC, aumentou os salarios por encima da inflación nos últimos anos, o que repercutiu nunha mellora do consumo dos fogares, alimentado á súa vez o crecemento económico e a creación de emprego. UGT sempre defenderá unha estratexia de política económica que priorice a creación de emprego e a defensa dos dereitos da clase traballadora, a cal terminou por ser, como demostran as estatísticas, promotora do crecemento económico.